

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES E EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia, derivada da adaptación ao espazo europeo de educación superior (EEES), pon unha énfase especial en que o alumnado universitario realice prácticas externas en entidades públicas e privadas, nacionais ou internacionais, desde a consciencia de que a combinación dunha axeitada formación teórica universitaria co coñecemento aplicado das técnicas e das metodoloxías desenvolvidas no campo profesional constitúe a base máis sólida para a súa formación integral ao capacitalo para a súa futura inserción no mercado laboral.

Entre as tarefas encomendadas ao Instituto Galego de Estatística nos plans anuais de actuación previstos no seu Estatuto, aprobado por Decreto 60/2016, do 26 de maio, figuran, dentro do apartado de cursos, seminarios e outras actividades formativas, as prácticas de estudantes universitarios, que se realizarán respectando a Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e como actuacións complementarias das reguladas na Lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan galego de estatística 2022-2026.

Por estes motivos,

COMPARECEN

Por unha banda, Don Ricardo José Cao Abad, reitor da Universidade da Coruña, con sede na rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, e CIF Q6550005J. Actúa en nome e representación da nomeada institución, no uso das atribucións que lle confire o artigo 36.1.f) dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, que lle outorga ao reitor a facultade de asinar convenios en nome da Universidade da Coruña.

E, pola outra, Don José Antonio Campo Andión, director do Instituto Galego de Estatística, con sede no Complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela, e CIF S6500005A. Actúa en nome e representación da nomeada institución, no uso das atribucións que lle confire o artigo 41 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e o artigo 15 do Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística.

As dúas entidades recoñécense respectivamente a personalidade, a capacidade e a competencia para outorgar este convenio, polo que,

ACORDAN

Establecer un convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas (curriculares e extracurriculares) ao abeiro do Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do alumnado universitario e do Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade da Coruña, aprobado polo Consello de Goberno o 23 de abril de 2013, e modificado polos acordos do Consello de Goberno do 27 de febreiro de 2015, 29 de setembro de 2015, 29 de maio de 2018, 4 de xuño de 2019 e 3 de novembro de 2022, de acordo coas seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

Este convenio ten por obxecto posibilitar que o alumnado das titulacións impartidas na Universidade da Coruña (a partir de agora UDC) faga prácticas externas (curriculares e extracurriculares) dentro dos programas de cooperación educativa promovidos polo Instituto Galego de Estatística (a partir de agora IGE).

SEGUNDA. Persoas beneficiarias e requisitos

Poderán beneficiarse deste convenio os seguintes tipos de alumnado:

- a) O alumnado da UDC matriculado nas titulacións oficiais de grao ou de mestrado universitario que cumpra cos requisitos establecidos.
- b) O alumnado doutras universidades españolas ou estranxeiras que estea a realizar estadias de estudo na UDC en programas de mobilidade académica ou por medio de convenios bilaterais, sempre que as normas que regulen eses programas e convenios ou os regulamentos internos de aplicación non dispoñan outra cousa.

TERCEIRA. Duración das prácticas e número de prazas

- a) Prácticas curriculares: terán a duración que estableza o plan de estudos correspondente nos termos dispostos no artigo 14.5 do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, ou norma posterior que o substitúa. As prácticas levaranse a cabo de conformidade co calendario académico aprobado polo Consello de Goberno para cada curso académico.
- b) Prácticas extracurriculares: durante o período lectivo as prácticas extracurriculares non excederán as 750 horas, sumadas as prácticas curriculares e extracurriculares, segundo o que está disposto no artigo 8 do Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da UDC, cunha distribución horaria que permita a dedicación simultánea aos estudos e ás prácticas.
- c) Con carácter xeral, a distribución horaria das prácticas externas establecerase de acordo coas súas características e a dispoñibilidade do IGE. En calquera caso, os horarios serán compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación que o alumnado desenvolva na UDC.
- d) Excepcionalmente, nos casos en que o alumnado teña unha carga lectiva moi reducida para finalizar a súa titulación oficial, poderá realizar unha xornada ampla, sen superar as 40 horas semanais e 8 diarias e sempre coa autorización da persoa titora académica.

O número de prazas que se convoquen para realizar as prácticas determinará a comisión mixta paritaria prevista na cláusula décimo terceira do convenio e concretarase nas convocatorias que faga a UDC.

CUARTA. Dereitos e obrigas do alumnado

Durante as prácticas, o alumnado comprometerase a cumprir as condicións concretas que se sinalen para elas; a efectuar as actividades que o IGE lle encomende dentro do



proxecto formativo fixado; a respectar os regulamentos e as normas do IGE; a gardar unha absoluta confidencialidade sobre os acontecementos e os documentos do IGE, mesmo unha vez finalizado o período de prácticas, e a manter o contacto coas persoas designadas como titoras.

Ao alumnado garantiránselle, en todo caso, os dereitos previstos no artigo 9 do Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, así como os permisos que recoñeza a normativa vixente.

Unha vez finalizado o período de prácticas, o alumnado elaborará unha memoria final que lle entregará á persoa titora do seu centro. Na devandita memoria final deberá figurar a seguinte información:

- a) Os datos persoais.
- b) A entidade colaboradora en que levou a cabo as prácticas e onde está situada.
- c) A descrición concreta e detallada das tarefas desenvolvidas no IGE.
- d) A valoración das tarefas executadas e dos coñecementos e as competencias adquiridos en relación cos seus estudos universitarios.
- e) A relación dos problemas que se lle presentaron e dos procedementos que se seguiron para os resolver.
- f) A contribución que supoñen as prácticas en materia de aprendizaxe.
- g) A avaliación das prácticas e as suxestións de mellora.
- h) Outros aspectos que o centro considere relevantes de cara á formación do alumnado.

QUINTA. Dereitos e obrigas das partes

O IGE comprométese a fixar, conxuntamente coa UDC, o proxecto formativo que realizará cada estudante e a respectar os seus dereitos no que atinxe á protección de datos de carácter persoal. En todo caso, o proxecto formativo cumprirá cos principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal. As tarefas que levará a cabo o alumnado en prácticas estarán relacionadas co seu nivel de estudos e de formación académica.

O IGE expedirá, por petición do estudante, un certificado acreditativo da realización das prácticas e das súas características. Alén disto, remitiralle ao centro o informe de seguimento final das prácticas, debidamente cuberto, no que deberán constar, entre outros, estes aspectos:

- a) a capacidade técnica,
- b) a capacidade de aprendizaxe,
- c) a administración e a organización dos traballos,
- d) as habilidades de comunicación oral e escrita. No caso do alumnado con discapacidade e dificultades de expresión oral é preciso indicar o seu grao de autonomía para esta habilidade e se require algún tipo de apoio técnico ou humano,
- e) o sentido da responsabilidade,
- f) a facilidade de adaptación,
- g) a creatividade e a iniciativa,
- h) a implicación persoal,
- i) a motivación,



- l) a receptividade ás críticas,
- m) a puntualidade,
- n) a relación coa contorna laboral,
- ñ) a capacidade de traballo en equipo,
- o) as competencias previstas no proxecto formativo, no caso das prácticas curriculares.

A UDC asumirá a cotización e a tramitación da alta na Seguridade Social do alumnado mentres se manteña en vigor a disposición adicional 52ª do Texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, introducida polo artigo único, parágrafo 34, do Real decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo.

SEXTA. Relación entre o IGE e o alumnado en prácticas

1. Das prácticas externas curriculares e extracurriculares non se derivarán as obrigas propias dun contrato laboral e tampouco terán ningunha dotación económica por parte do IGE.
2. O IGE poderá interromper as prácticas cando considere que o alumnado vulnerou gravemente as súas obrigas, o que lle comunicará á persoa que fose designada como titora por parte do centro da UDC.
3. A realización das prácticas non supón en ningún caso o establecemento dun vínculo laboral co IGE. O alumnado e o IGE non poderán subscribir ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación previstas nos artigos 11 e 12 do Real decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores. Xa que logo, o/a estudante que se acolla a este réxime de práctica queda excluído/a da lexislación laboral.

SÉTIMA. Titoría

O alumnado en prácticas que se acolla a este programa disporá dunha titoría académica e doutra profesional. A persoa que exerza como titora académica será designada entre o seu profesorado polo centro da UDC no que curse os seus estudos, mentres que a que exerza como titora profesional, con competencias profesionais na área, será designada polo IGE.

As persoas titoras académicas e profesionais supervisarán as funcións que o alumnado leve a cabo durante as súas prácticas, asistirano no que for necesario e avaliarán o seu aproveitamento das prácticas.

As persoas titoras académicas e profesionais poderán obter da UDC o recoñecemento da súa actividade, de conformidade coa normativa interna de aplicación. Igualmente, deberán cumprir as obrigas previstas nos capítulos IV e V do Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da UDC.

OITAVA. Seguro escolar

O estudantado da UDC menor de 28 anos está cuberto polo seguro escolar obrigatorio que paga coa matrícula. O alumnado maior de 28 anos deberá contratar, de ser o caso,



o seguro Hac Luce Accidentes, que tamén poderá ser contratado polo resto do estudantado.

NOVENA. Remisión aos anexos

Para cada práctica individual formalizaranse os anexos I e II a este convenio. No primeiro figurarán os datos do convenio de referencia; os datos persoais do/a alumno/a; o lugar no que terán lugar as prácticas; o total de horas e a súa distribución temporal, e o proxecto formativo obxecto das prácticas. O anexo será asinado polo alumnado adxudicatario, a persoa titora designada polo IGE e outra representante do centro no que se impartan os seus estudos ou da titulación que curse. En caso de incumprimento, o IGE poderá instar a rescisión anticipada das prácticas.

As persoas estudantes en prácticas quedarán obrigadas a cumprir a normativa sobre segredo estatístico contemplada nos artigos 24 ao 28 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e, para tal efecto e antes de iniciar a súa estadía no IGE, asinarán o documento que figura como anexo II do convenio.

DÉCIMA. Réxime xurídico e resolución de conflitos

As cuestións litixiosas que xurdan ao respecto da interpretación, a modificación, a resolución e os efectos deste convenio serán resoltas de mutuo acordo polas partes. En defecto de acordo, as partes someteranse aos xulgados ou tribunais da xurisdición contencioso-administrativa da Coruña.

O marco legal que regula as prácticas externas está definido no que dispón o Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo; o Real decreto 822/2021, do 28 de setembro; o Regulamento de prácticas académicas externas do estudantado da UDC; o disposto no plan de estudos de cada titulación e a normativa propia de cada centro; a regulación específica daquelas prácticas que afecten programas de ámbito autonómico ou estatal de fomento das prácticas académicas externas no sistema universitario galego ou nun ámbito competencial superior (sen prexuízo da aplicación da normativa da UDC); as normas establecidas nos programas e os convenios que amparen as prácticas internacionais, e as contidas nos regulamentos internos sobre mobilidade internacional.

DÉCIMO PRIMEIRA. Vixencia

Este convenio, que deixa sen efecto os convenios anteriores subscritos no marco dos programas de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas, entrará en vigor no momento da sinatura e a duración será de catro anos. As partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais, ou a súa extinción en calquera momento antes do seu termo.

Así mesmo, calquera das partes poderá denunciar este convenio, o que lle deberá comunicar á outra parte por escrito con tres meses de antelación á data na que se desexe dalo por rematado. A denuncia do convenio non afectará ás prácticas que se estean a realizar no momento de a efectuar.



DÉCIMO SEGUNDA. Protección de datos

As partes comprométese a cumprir o que establecen o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas no que atinxe ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPDP), a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a restante normativa nesta materia.

Para estes efectos, as partes asumen o seu deber de confidencialidade e segredo profesional, así como o deber de garantir a seguridade dos datos obtidos en virtude deste convenio, que serán tratados para a finalidade propia deste acordo (xestión de prácticas curriculares e extracurriculares).

As persoas interesadas poderán solicitar información adicional e exercer os seus dereitos en materia de protección de datos persoais ante as asinantes:

- Universidade da Coruña, Mestranza 9, 15001 A Coruña; rpd@udc.es, ou dpd@udc.es.
- Instituto Galego de Estatística, Complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela; <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

DÉCIMO TERCEIRA. Comisión Mixta Paritaria

Constitúese unha comisión mixta paritaria para o seguimento deste convenio, formada pola persoa que ostenta o cargo de vicerreitor/a con competencias en materia de estudantes da UDC, ou a persoa en quen delegue e pola persoa designada polo IGE, ou persoa en quen delegue.

A dita comisión encargarse da vixilancia e o seguimento do cumprimento do convenio e da resolución das dúbidas e os conflitos que poidan xurdir na súa interpretación e aplicación.

DÉCIMO CUARTA. Resolución

Serán causas de resolución do convenio:

- a) O mutuo acordo das partes.
- b) O incumprimento das cláusulas, logo de reunida a comisión mixta paritaria.

A denuncia do convenio poderá realizala calquera das partes e comunicarse por escrito coa antelación establecida na cláusula décimo primeira. Unha vez extinguido o convenio, deberá asegurárselle ao alumnado que está desenvolvendo as actividades formativas obxecto deste acordo a posibilidade de finalizalas.

DÉCIMO QUINTA. Publicidade

A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. O convenio será inscrito no rexistro de Convenios da



Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo.

En proba de conformidade, asinan este convenio para un só efecto, no lugar e data que se indican a seguir:

O Reitor da Universidade da Coruña

Ricardo José Cao Abad

O Director do Instituto Galego de Estatística

José Antonio Campo Andión



ANEXO I

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC) E O INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA (IGE) PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES E EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**CURSO ACADÉMICO 202...../202....**

As persoas que asinan este documento manifestan que leron e aceptan as condicións e compromisos establecidos nel e fan constar a seguinte información:

1. Modalidade: ☐ Prácticas curriculares ☐ Prácticas extracurriculares

2. Persoa estudante

Nome e apelidos:

DNI:

Correo electrónico:

Teléfono:

Titulación e curso no que está matriculado/a:

3. Persoa titora académica

Nome e apelidos:

DNI:

4. Persoa titora do IGE

Nome e apelidos:

DNI:

5. Duración das prácticas: do ... /... /... ao ... /... /...; n° total días:; horas/día:

6. Lugar onde se realizarán as prácticas: Sede do IGE. Complexo administrativo de San Lázaro. Santiago de Compostela

7. Proxecto formativo

--

O que asinan, por triplicado, en Santiago de Compostela, a de de 202..

Representante da UDC,	Persoa titora do IGE,	Estudante,
Asinado:	Asinado:	Asinado:.....



ANEXO II

COMPROMISO DE CONFIDENCIALIDADE E NON REVELACIÓN DE INFORMACIÓN

Eu,, con NIF/NIE, estudante da UVIGO, comprométome a gardar estrita confidencialidade sobre a información á que acceda mentres realice prácticas no IGE. En particular, comprométome a observar os deberes de confidencialidade e segredo recollidos no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, no Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, que regula o esquema nacional de seguridade e no resto de normativa concordante, respecto de calquera tipo de información que poida coñecer ao realizar o meu traballo, e que empregarei só para o que sexa autorizado. De acceder a sistemas de información do IGE, fágome responsable dos accesos que se realicen co meu identificador de usuario persoal e comprométome a devolver calquera soporte ou medio telemático proporcionado polo IGE. Estas obrigas subsistirán logo de finalizar as prácticas.

Tamén me comprometo a cumprir as normas do IGE, as políticas de seguridade da información da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o Decreto 230/2008, do 18 de setembro, polo que se establecen as boas prácticas no uso dos sistemas de información da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e a restante normativa de desenvolvemento. Coñezo as obrigas impostas pola Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, polas que todas as persoas que interveñan nas actividades reguladas por ela están obrigadas a manter o segredo estatístico respecto dos datos comunicados, mesmo logo de concluír as súas actividades profesionais e a súa vinculación cos servizos estatísticos. O segredo estatístico inclúe datos de persoas físicas e xurídicas e ampara todos os individualizados de orde privada, persoal, familiar, económica ou financeira, usados para elaborar estatísticas. Sei que incumprir estas obrigas dará lugar a responsabilidades por danos e prexuízos, con independencia dos penais e disciplinarias que se puideran derivar.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS: Os seus datos serán tratados polo IGE, na súa condición de responsable, para xestionar os compromisos de confidencialidade e non revelación de información. A base lexitimadora é a necesidade de tratar os datos para executar o contrato subscrito coa organización e o cumprimento dunha obriga legal. Non se prevén comunicacións a terceiros. As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, segundo se recolle en: <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Persoa delegada de protección de datos e información adicional en: <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>.

Asinado, o de de

